

DOCUMENTO COLABORATIVO 0.2.: O NADAL

Este documento é a síntese das achegas realizadas por cada escola na 2ª xuntanza de dirección do curso 2008/09, onde se continúa unha dinámica de recollida de información e achegas que permite ter en conta todos os puntos de vista e compartir as nosas formas de facer escola.

Palabras chave

Nadal, cultura, costumes, compartir, colaborar, non consumismo, solidariedade, aconfesionalidade, convivencia.

Ideas principais

Unha das problemáticas que se trasladou para o debate é como enfocar a temática do Nadal nas escolas. Un dos sinais de identidade das escolas é a aconfesionalidade, polo tanto é necesario crear novas perspectivas evitando abordar estas festas baixo unha única alternativa relixiosa. Asemade, é importante ter en conta que as crianzas viven, no seu contorno próximo o Nadal: nas súas casas, na rúa, centros comerciais... o Nadal impregna a vida nestas datas en todos os ámbitos, por iso desde a escola podemos suxerir vivir a festa recuperando as distintas tradicións culturais, fomentando valores tan importantes como a amizade, o cooperativismo, a solidariedade, a convivencia, a tolerancia, o consumo responsable, o coidado do medio ambiente,...



A recolleita das actividades programadas para este tempo por todas as escolas reflicte a importancia deste centro de interese a nivel sociocultural así como a coincidencia de propostas en torno a esta temática e a súa maneira de tratalos:

- Organización de mercados solidarios,
- Obradoiros de construción de instrumentos musicais e traballar o ritmo e a música a través das panxoliñas. Programar audicións de musica tradicional, de instrumentos de orquestra de cámara...
- Obradoiros de construción de xoguetes aproveitando o material de refugallo e a colaboración das familias.
- Obradoiros de cociña onde se elaboran doces típicos de Nadal.
- Obradoiros para decorar e preparar a festa na escola, neste sentido podemos botar man da reciclaxe e o material de refugallo para decorar e facer os distintos adornos.
- Traballar contos e textos nas aulas onde se fomenten estes valores de amizade, convivencia, tolerancia, cooperación Por exemplo: “Un agasallo diferente” “Oso Canoso”.
- Crear entre toda a comunidade educativa “O libro dos bos desexos” onde imos ilustrando con debuxos os bos desexos que queremos para todos e todas.
- No espazo das familias podemos aproveitar para traballar o tema dos xoguetes, recomendar os xoguetes máis axeitados para as distintas idades, reflexionar sobre o uso sexista dos xoguetes a e a importancia dos momentos de xogo compartidos en familia, construción de xoguetes sinxelos...

É importante a implicación e participación das familias en todo o proceso: no momento de organizar a festa na escola, participando nos distintos obradoiros de cociña, de decoración da escola, de construción de xoguetes e organizando os festivais. Outra proposta é a recompilación de material para o Nadal como panxoliñas ou contos que poidamos intercambiar entre todos e todas.

A modo de conclusión.

As ideas e propostas compartidas priman dende a escola:

- Os procesos sobre os resultados.*
- Organizar e planificar actividades que evolutivamente coincidan co desenvolvemento das crianzas.*
- Necesidade de aproveitar estas datas como un momento inmejorable para acercar á familia á escola, non soamente como receptora senón tamén como colaboradora activa na construción de experiencias significativas para os seus/súas fillos e fillas.*

